Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 27/2026

"O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do presente acordo, adóptao en base aos seguintes antecedentes administrativos e fundamentos xurídicos:

***Antecedentes administrativos*:**

Primeiro: Por Resolución da Alcaldía núm. 118/2026 do 02/03/2026 apróbase a Liquidación do Orzamento de 2025, da que resultan as seguintes magnitudes e o nivel de endebedamento a 31.12.2025 do Concello de Lousame:

- Superávit orzamentario de **173.369,67 €**
- RLTGX de **480.807,44 €**
- Endebedamento a 31.12.2025: **944.036,95 €**
  - Con entidades bancarias ou financeiras: 0,00 €
  - Coa Deputación Provincial (Préstamos Provinciais) a 31.12.2025: 769.226,82 €
  - Co IGVS (Fondo de Cooperación 2022 e 2023) a 31.12.2025: 174.810,13 €
- Período Medio de Pago a Proveedores a 31.12.2025: **19,39 días**

Segundo: Por Providencia da Alcaldía incóase o procedemento para tramitar a MC 27/2026, modalidade Suplemento de Crédito.

Terceiro: A Alcaldía emite a Memoria no cumprimento do sinalado no artigo 37.2 do RD 500/1990, de 21 de abril.

***Fundamentación xurídica*:**

Primeiro: É necesario dotar o crédito, mediante a tramitación dun Crédito Extraordinario financiado con RLTGX para a seguinte finalidade: Cancelación da débeda (como entrega a conta, en tanto non se resolvan os recursos interpostos) coa MCSB relativa á cota extraordinaria do ano 2026, que foi notificada o día 30/09/2026

Notificación	Anualidade	LIQUIDACIÓN	Cuota extraordinaria anual	Total CE 27/2026
30/09/2026	2026	LL/E.26	106.034,78	106.034,78

Segundo: As aplicacións orzamentarias nas que se dota o crédito específico para a anterior finalidade, e os gastos para os que se dota o crédito, están especificados na Memoria da Alcaldía que consta no expediente administrativo.

Terceiro: A modificación de crédito **27/2026** será financiada co Remanente de Tesourería para gastos xerais (RLTGG), derivado da Liquidación do exercicio 2025, de acordo cos artigos 177 do TRLRFL e 36.1.a) do RD 500/1990, de 20 de abril.

Cuarto: O detalle das aplicacións orzamentarias nas que se pretende dotar crédito específico mediante a tramitación deste expediente de modificación orzamentaria son as seguintes:

AG	Econ.	CI	CE 27/2026	CD
1622	76300	0,00	106.034,78	106.034,78

Quinto: Vistos os informes da Intervención municipal, núm. 216 e 217 do 26/10/2026.

Considerando o disposto no artigo 177 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais,

CVD: 3jv6ocFYvt3UUxUXe8Eb Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.lousame.es/

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

nos artigos 35 e ss. do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Título VI da Lei de facendas locais, reguladores dos suplementos de créditos, e o artigo 21 e 22 da Lei de bases do réxime local; este **Pleno Corporativo do Concello de Lousame**, **ACORDA**:

PRIMEIRO: A aprobación inicial da modificación de crédito núm. **27/2026**, mediante a que se dotará crédito nas aplicacións orzamentarias que se sinalan no seguinte cadro, financiando tal modificación co Remanente de Tesourería para Gastos Xerais por importe de **106.034,78 €:**

Núm. expediente de MC por CE	27 / 2026
Importe da modificación orzamentaria	106.034,78 €
Tipo de financiamento	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais. 87000 / RLTGX
Aplicacións orzamentarias nas que se dota crédito específico e finalidade da modificación orzamentaria	1622.76300 Aprobación, como entrega a conta, da cota extraordinaria 2026 xirada pola MCSB

SEGUNDO: Expoñer o expediente ao público, previo anuncio no BOP, durante o prazo de 15 días hábiles, durante os cales o interesados poderán examinalo e presentar as súas reclamacións ante o Pleno Corporativo

TERCEIRO.- Se transcorrido o prazo non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente este acordo. Entrará en vigor coa publicación da súa aprobación definitiva (expresa ou tácita) no Boletín Oficial da Provincia.

Documento asinado dixitalmente.

O Alcalde, Esteban Ares García

CVD: 3jv6ocFYvt3UUxUXe8Eb Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.lousame.es/